



EU QUEDO NA CASA

SEMANA
do 25 ao 29 de maio

27

LUNS

MATE e L.GALEGA- Mulleres
pioneiras: Isabel Zendal e
Olimpia Valencia

28

MARTES

L CASTELÁ- Ficha 1 "Las
hadas"

EDUC. EMOCIONAL- Ficha
"Mi estrella de emociones".

29

MÉRCORES

MATE e L.GALEGA- Mulleres
pioneiras: Áurea
Rodríguez e tarefas finais

30

XOVES

L CASTELÁ- Ficha 2 "Mandala
tipos de palabras"

C. SOCIAIS- Ficha 1 "Elixe a túa
comunidade autónoma"

1

VENRES

C. NATUREZA- Ficha 1:
"Os órganos dos
sentidos"

PLÁSTICA- Origami tulipán

ÁNIMO E BOA SEMANA

CIENCIAS SOCIAIS

Estamos en plena desescalada da corentena do COVID-19, o certo é que non tódalas comunidades autónomas están na mesma fase.

Esta semana a nosa comunidade entro una fase 2, pero todavía hai algunas comunidades que aínda non chegaron a ela.

O traballo desta semana para sociais, consiste en que elixas unha comunidade autónoma de España, a que ti queiras, e que cubras todos os recadros coa información desa comunidade: nome, extensión, capital, provincias, bandeira, significado do escudo, monumentos e gastronomía.

Deste xeito podemos coñecer un pouco máis o noso país.

A continuación terás un exemplo con Galicia, pero non vale repetir o exemplo!!

Despois do exemplo terás a plantilla en branco que podes utilizar, pero tamén podes facelo con outro deseño que ti queiras.

GALICIA

Extensión do territorio:
29.574 km²



Capital:

Santiago de Compostela

Provincias:

A Coruña

Lugo

Ourense

Pontevedra

Bandeira




Significado do escudo: O escudo de Galicia trae, no campo de **azur**, un **cáliz** de **ouro** sumado de unha **hostia** de plata, e acompañado de sete **cruces** recortadas do mesmo metal, tres a cada lado e unha nol centro do **xefe**.

Monumentos





Gastronomía






Extensión do territorio:



Bandeira



Monumentos

Gastronomía

CIENCIAS DA NATUREZA

FICHA 1: OS ÓRGANOS DOS SENTIDOS

■ REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As persoas temos cinco sentidos: a vista, o oído, o olfacto, o gusto e o tacto. Grazas a eles podemos captar información do contorno e responder a ela.

Os ollos, os oídos, a pel, a boca e o nariz son as partes do noso corpo responsables de captar toda esta información. Todos eles constitúen os órganos dos sentidos.

1 Relaciona cada elemento co órgano ao que pertence.

- | | | |
|--------------|-----------|-----------------------|
| retina • | • pel • | • caracol |
| tímpano • | • ollo • | • receptores do tacto |
| pupila • | • nariz • | • cristalino |
| pituitaria • | • oído • | • papilas |
| amarela | • boca • | |

2 Completa as oracións.

- Os _____ captan a luz mediante a retina e mandan a información ao cerebro a través do _____ óptico.
- O _____ permítenos coñecer características dos obxectos a través da pel.
- O _____ permítenos captar os olores mediante o _____, grazas á _____ amarela.

3 Escribe unha oración coas seguintes palabras.

interpreta – nervios – órganos dos sentidos – información – cerebro

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Como calquera outra parte do noso corpo, os órganos dos sentidos necesitan que os coidemos. Para isto debemos acostumarnos a ter uns hábitos saudables que nos axuden a conservar a súa saúde.

1 Escribe todos os hábitos relacionados co coidado dos órganos dos sentidos relacionados con cada fotografía.



A. _____



B. _____




C. _____

2 Explica a que se dedican un oftalmólogo e un otorrino.

LINGUA CASTELÁ

FICHA 1 "LAS HADAS"



LAS HADAS

Érase una viuda que tenía dos hijas. La mayor era intratable y orgullosa como su madre mientras que la hija menor, tanto por su dulzura como por su buena condición, era una de las más encantadoras niñas que el sol alumbraba.

La madre quería a la hija mayor como a las niñas de sus ojos, al propio tiempo que sentía por la menorcita una aversión horrible; tanto, que la obligaba a comer en la cocina y a trabajar día y noche sin descanso.

La pobre niña, tenía que ir por agua dos veces al día, a más de media legua de distancia, y volver cargada con un gran cántaro lleno.

Un día, estando junto a la fuente, se le acercó una pobre vieja y le pidió de beber.

- De mil amores, señora abuela, contestó la niña.

Y lavando el cántaro con mucha gracia, sacó agua del lugar de la fuente en donde más cristalina estaba. Se la ofreció a la vieja, y para que pudiese beber con más comodidad, sostenía el cántaro con su linda mano.

La buena mujer, así que hubo bebido, le dijo:

- Eres tan linda, tan amable, tan buena, que no puedo menos de concederte un don especialísimo.

Es de advertir que la supuesta vieja era nada menos que un hada, la cual, deseando probar hasta dónde llegaría el buen corazón de la hermosa niña, había tomado la figura de una pobre mujer del pueblo.

-Te concedo - prosiguió el hada - el don de que a cada palabra que pronuncies salga de tus labios una flor o una piedra preciosa.

Cuando la hermosa niña llegó a su casa, su madre la regañó mucho, porque había tardado en volver de la fuente.

- Perdone usted madre mía - dijo la pobre niña - si he tardado tanto.

Y al decir esto cayeron de sus labios dos rosas y dos grandes diamantes.

- ¿Qué es lo que veo, Dios de mi vida? - exclamó su madre llena de admiración.

La pobre niña refirió con singular candor todo lo ocurrido, y al paso que hablaba, iban chorreando sus labios flores, perlas y diamantes.

- Por mi vida, que he de enviar allá a mi hija. Frasquita, ven: mira, mira lo que sale de los labios de tu hermana cuando habla. Tienes que ir a la fuente y cuando una vieja te pida agua, se la ofreces con mucha amabilidad y cariño.

- ¿A la fuente yo? ¡De ninguna manera! - dijo la gran bestia.

- Pues yo te mando que vayas - contestó la madre - y ahora mismo. Frasquita se fue refunfuñando a la fuente, pero buen cuidado tuvo de llevar el más hermoso jarro de plata que había en casa.

Al mismo instante de llegar, vio salir del bosque a una dama magníficamente vestida, que le pidió de beber. Era la misma hada que quería probar hasta dónde llegaría el mal corazón de esta muchacha.

- ¿Piensa usted que he venido para darle de beber a su señoría? - contestó la necia orgullosa - ¡Para eso habré traído sin duda este hermoso jarro! ¿Tiene sed? Pues échese de bruces su merced y beba hasta que reviente.

- Malas entrañas tienes - contestó el hada sin alterarse - Ya que tan poco amable eres, te concedo el don de que a cada palabra que profieras salga de tus labios una víbora o un sapo.

- ¿Qué tal, hija mía? - le preguntó su madre al regresar.
- ¿Qué tal? ¿Qué tal? - y ¡zape! escupió dos víboras y dos sapos.
- ¡Válgame la Virgen de las Angustias! - exclamó la madre santiguándose - Esto debe ser obra de la pícara de tu hermana.
Ante la ira de su madre, la pobre muchacha echó a correr llena de pánico, y se refugió en el bosque cercano.
Allí la encontró el hijo del rey, que volvía de cazar, y como la viese tan hermosa, le preguntó qué hacía en aquel lugar tan solita, y por qué lloraba. Entonces ella le refirió toda su historia, y el hijo del rey, que vio salir de su boca cinco o seis perlas y otros tantos diamantes, se la llevó al palacio y se casó con ella.



Hans Christian Andersen (Adaptación).

Marca con una X la respuesta correcta.

Elige la oración correcta.

- La hija menor era la preferida de la madre
- La hija mayor era encantadora.
- La madre maltrataba a la hija menor.

¿Cuál era la tarea más dura que tenía que realizar la hija menor?

- Ir a buscar agua.
- Limpiar la cocina.
- Hacer la comida.



¿Quién se le apareció en la fuente?

- Su abuela.
- Una mujer vieja.
- Una mujer rica.

¿Qué quería el hada?

- El cántaro.
- Ayuda.
- Agua para beber.

¿Qué don le concedió el hada a la hija menor?

- No tendría que ir por agua a la fuente.
- De sus labios saldrían flores y piedras preciosas.
- Al hablar, sus palabras serían maravillosas.

¿Por qué estaba enfadada su madre?

- Porque había tardado mucho en volver.
- Porque tenía sed.
- Porque no había agua en el cántaro.



¿Cuál fue la decisión de la madre?

- Ir ella misma a la fuente.
- Mandar a su hija mayor a buscar agua.
- Mandar a la menor otra vez a la fuente.

El hada le concedió a la hija mayor el don de que al hablar de su boca saldrían...

- Flores y diamantes.
- Culebras y ranas.
- Víboras y sapos.

¿Por qué se escapó al bosque la hija menor?


- Porque su madre la quería castigar.
- Porque su hermana le quería pegar.
- Porque no quería vivir con su familia.

¿Por qué se casó con ella el hijo del rey?

- Porque era inteligente.
- Porque estaba sola.
- Porque tenía un don especial.

FICHA 2 "MANDALA TIPOS DE PALABRAS"

- Colorea siguiendo los códigos que aparecen a continuación segundo el tipo de palabra que sea.
- Sustantivos- color verde; determinantes-color rosa; adjetivos-color amarillo; verbos-color naranja; pronombres personales-color azul;



GUÍA PARA ANÁLISIS MORFOLÓGICO (Información para leer)

SUSTANTIVO

1. Común o Propio
2. Concreto o Abstracto
3. Individual o Colectivo
4. Contable o No contable
5. Animado o Inanimado
6. Género: Masculino o Femenino
7. Número: Singular o Plural

ADJETIVO

1. Grado:
 - Positivo
 - Comparativo: de inferioridad o de igualdad o de superioridad
 - Superlativo
2. Género: Masculino o Femenino
3. Número: Singular o Plural

DETERMINANTE

1. Tipo:
 - ARTÍCULO: Determinados o Indeterminados
 - DEMOSTRATIVO: De cercanía, De distancia media o De lejanía
 - POSESIVO: De un solo poseedor o De varios poseedores
 - NUMERAL: Cardinal u Ordinal
 - INDEFINIDO
 - INTERROGATIVO o EXCLAMATIVO
2. Género: Masculino o Femenino
3. Número: Singular o Plural

VERBO

1. Infinitivo
2. Conjugación:
 - 1ª → -ar
 - 2ª → -er
 - 3ª → -ir
3. Persona: Primera o Segunda o Tercera
4. Número: Singular o Plural
5. Tiempo: Pasado o Presente o Futuro
6. Modo: Indicativo o Subjuntivo o Imperativo

EDUCACIÓN EMOCIONAL

Fíjate en las imágenes y responde:




¿Cómo crees que se siente el niño? _____

¿Por qué crees que se siente así? _____

¿Qué crees que le ha pasado?

Mi estrella de emociones. Primero piensa que color se corresponde con cada una de las emociones. A continuación pon tu nombre en el centro de la estrella y colorea cada punta según el color que has decidido que corresponde a su emoción, tienes que usar los ocho colores, pero usaras en mayor cantidad la emoción que más veces sientas y en menor cantidad la que menos veces sientas



PLÁSTICA

- Origami TULIPÁN. Os dejamos un vídeo para ver cómo se hacen.
<https://www.youtube.com/watch?v=Bkd4cln3-gs>

MATEMÁTICAS – LINGUA GALEGA

Actividades de Mate-Lingua

Bos días nenos e nenas. Dende a Matefactoría enviamos este material que esperamos que vos guste moitísimo.

O pasado venres 1 de maio, ademais da celebración dos maíos foi o día do traballo, por ese motivo, imos traballar en torno a tres mulleres galegas, que son pouco coñecidas e que nos parecen moi interesantes.

As tres mulleres saen nun conto moi bonito que se titula “Pioneiras” da editorial Xerais, escrito por Anaír Rodríguez e ilustrado por Nuria Díaz.

Recordade que non necesitades imprimir para realizar as actividades, escribide na libreta a data, a asignatura e exercicio e número de páxina.

Logo recordade enviarnos algunha foto do que ides creando, este apartado e moi importante, para que podamos ver o voso esforzo!

Ánimo campións e campioas que o estades a facer xenial!!!

Unha forte aperta.



Isabel Zendal

A PRIMEIRA ENFERMEIRA EN MISIÓN INTERNACIONAL



INFATIGABLE DÍA E NOITE

Isabel Zendal naceu en Ordes en 1773. Os seus pais eran dous labregos moi humildes, polo que desde sempre soubo que ser pobre non significa perder a dignidade. Con trece anos morre a súa nai e Isabel marcha á Coruña a servir; sete anos despois queda embarazada do seu fillo Benito. O pai do meniño abandónaa, mais Isabel decide crialo soa e cargar co dobre estigma de ser pobre e nai solteira.

O afán por se valer por si mesma lévaa a traballar como axudante na Casa de Expósitos da Coruña, onde se acollen nenos e nenas orfos e abandonados. O labor que desempeña debe ser exemplar, pois malia a súa situación persoal chega a ser a reitora da institución. Á súa fronte, traballa arreo para mellorar as condicións infrahumanas en que se atopan as criaturas: ser pobre non significa perder a dignidade.

No ano 1803 prodúcese un fito da saúde pública mundial: a bordo da corveta *María Pita* parte do porto da Coruña a Real Expedición Filantrópica da Vacina da Variola. Impulsada polo rei Carlos IV e dirixida polo doutor Balmis, leva a encomenda de vacinar contra a variola a poboación das colonias españolas de América e Filipinas. Na corveta viaxan tamén vinte e dous nenos de entre tres e nove anos, recrutados en orfanatos, para que, brazo a brazo, sexan os portadores do antídoto contra a enfermidade que estaba acabando coa vida de milleiros de persoas en todo o mundo.

Isabel é a única muller que participa na misión e será un dos piares. Do seu traballo, «infatigable día e noite», dependerá o coidado daqueles nenos indefensos que desde o chanzo máis baixo da sociedade se converten na esperanza da expedición, coa vaga promesa de que os agardará unha vida mellor. Benito, o fillo de Isabel, é un deles.

A fazaña dura dez anos, pero Isabel nunca regresa a Galicia. Crese que puido morrer en México. A Organización Mundial da Saúde recoñeceuna como a primeira enfermeira da historia en misión internacional. Co seu nome e apelidos entrégase en México o máis prestixioso galardón do país ao mérito en enfermaría.

ISABEL ZENDAL

1. Quen foi?
2. A que se adicou?
3. Por que é coñecida? Cales foron os seus maiores logros para a sociedade?
4. En que ano naceu?
5. Si a día de hoxe estivera viva, cantos anos tería?
6. Busca os números do texto e escríbeos.
7. Descompón os números do exercicio anterior (ex: $1985 = 1000 + 900 + 80 + 5$)
8. En que foi pioneira esta muller? Pioneira significa que foi a primeira muller en lograr algún acontecemento.
9. Como sabes o ano en que naceu, cando Isabel tiña 13 anos, que ano era? E cando tiña 49 que ano era?
10. Debuxa a Isabel Zandal facendo o seu traballo moi ben.

Olimpia Valencia

A PRIMEIRA DOUTORA



MÉDICA, A PESAR DE TODO

Olimpia Valencia naceu en 1898 en Baltar, Ourense. Con doce anos trasladábase coa súa familia a Vigo, onde o pai emprende negocios de hostalaría. Olimpia sempre soubo que quería estudar e, por ser unha rapaza, non lle quedou outra que pensar nos exames de Maxisterio, unha das poucas especialidades que lles estaban permitidas ás mulleres.

Pero a verdadeira vocación de Olimpia era a Medicina, así que para poder matricularse na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela tivo que convencer a familia e enfrontarse aos prexuízos de persoas amigas e coñecidas, que non consideraban que esa fose unha carreira apropiada para unha rapaza: como ía un home poñerse nas mans dunha muller! Malia os atrancos, e persuadida para que se especializase en Xinecología, conseguíuno. En 1919 inicia os estudos universitarios e en 1925 convértese na primeira muller galega en obter a licenciatura de Medicina na Universidade de Compostela, cun expediente extraordinario.

Nese momento, na súa facultade só había dúas alumnas máis, as irmás xemelgas Jimena e Elisa Fernández de la Vega, pioneiras tamén, xa que foron das primeiras licenciadas nesta universidade, que ata 1910 non recoñece o pleno dereito das mulleres a cursaren estudos superiores. Tanto Olimpia como as irmás Fernández de la Vega xa non tiveron que vestir roupas de home para poder pisar unha aula, como seica lle sucedera a Concepción Arenal anos antes, pero sufriron numerosas discriminacións polo único feito de seren mulleres nun mundo reservado daquela para os homes.

Olimpia continuou os seus estudos en Madrid e converteuse tamén na primeira galega en presentar unha tese de doutoramento. Co título de doutora na man, en 1928 volve a Vigo e abre a súa propia consulta. Ao principio con moitas dificultades, pois daquela era inimaxinable confiar a saúde a unha muller, mais o seu prestixio foi medrando e Olimpia mantivo a consulta aberta ata case a fin da súa vida.

OLIMPIA VALENCIA

1. Baltar, o pobo no que naceu Olimpia, en que provincia se encontra?
2. En que ano se traslada a vivir a Vigo? Descompón esa data.
3. En que ano obtivo o título de doutora? Cantos anos tiña?
4. No texto pon: *"tivo que convencer a súa familia e enfrontarse aos prexuízos de amigos, que non consideraban que fose unha carreira apropiada para unha rapaza."* Porque crees que pensaban deste xeito?
5. Explica si estas oracións son verdadeiras ou falsas e explica o por que:
Olimpia tivo que vestir roupas de home na Universidade.
Olimpia comezou a Universidade cando tiña 21 anos.
Cando Olimpia abriu a súa consulta foi todo un éxito porque tiña moitos pacientes.
6. Si Olimpia na súa clínica traballaba 6 horas o día, cantas horas traballaba a semana?
7. Dende Ourense a Vigo hai 157 km, de Vigo a Santiago hai 95 km e de Santiago a Madrid hai 605 km, poderías dicir cantos quilómetros en total hai nos tres viaxes.

Áurea Rodríguez

A PRIMEIRA GAITEIRA



A RAÍÑA DA GAITA

Áurea Rodríguez naceu no ano 1897 en Muntán, unha pequena aldea do concello ourensán de Cartelle. Como case todas as nenas e nenos que nacían daquela no lugar, era filla de labregos.

Tivo cinco irmáns máis novos ca ela, todos homes: Castor, Felisindo, Manuel, Eliseo José e Benigno, dos que se tivo que facer cargo demasiado pronto, xa que os pais morreron sendo os fillos aínda uns cativos.

Desde sempre sentiu paixón polo son da gaita. Aos dez anos xa sabía tocar este instrumento e con tan só trece, orfa xa de nai e pai, formou xunto con catro dos seus irmáns o grupo *Os Maravillas*, co que percorreu festas e romarías de toda Galicia como medio de gañar a vida. Castor ao requinto; Manuel ao tambor; Eliseo José, o máis novo, ao bombo, e Felisindo e Áurea, ás gaitas.

Pero Áurea non só era a gaiteira principal do grupo, convértese tamén na súa líder e pasa a ser coñecidísima e admirada alá onde actúan, tanto por ser das poucas mulleres músicas que se vían daquela, como polo seu carisma e forte personalidade. O éxito do grupo traspasa as fronteiras galegas e actúa tamén en Madrid. Áurea é bautizada pola prensa como «A raíña da gaita galega».

Na década de 1930, cumpridos os trinta anos, Áurea, xunto con Castor e Benigno, forma un novo grupo, *Os Menores*, e decide emigrar a América; iso si, acompañada do seu instrumento. Alí viviu durante anos, en Arxentina e Venezuela, e non se ten noticia de que chegase a casar, cousa pouco común nas mulleres daquel tempo, polo que debeu seguir sendo a mesma muller independente e carismática de antano. O que si se sabe é que non abandonou a música e que con corenta e oito anos aínda facía soar a súa gaita por escenarios venezolanos.

ÁUREA RODRÍGUEZ



1. Quen foi esta muller? En que ano naceu?
2. Cantos anos fai que naceu esta muller?
3. Que grupos forma esta muller e en que lugares actuou?
4. Se naceu en 1897 cando tiña 48 anos, de que ano estaríamos a falar?
5. No texto fala da década de 1930, sabes que é unha década?
6. Indica se estas afirmacións son correctas ou non e explica o porque:
 - Os pais desta muller tiñan 6 fillos.
 - No grupo que formou con seus irmáns non era a única que tocaba a gaita.
7. Cando Aurea tiña 6 anos, un dos seus irmáns tiña a metade. Cantos anos ten o seu irmán cando ela tiña 30 anos?

Últimas tarefas

- a. Agora tes que explicar cal de estas mulleres che gustou máis e o porque.
- b. Crea dous novos empregos que poderá haber no futuro. Debúxao e indica cal sería o soldo destes traballos. Envíanos a foto do debuxo explicando os empregos e o que gañan.
- c. Investiga, se podes, sobre algunha muller de importancia en Galicia.

MOITO ÁNIMO!!!!!!